


## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

### Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

No primeiro trimestre do ano 2019, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 140.342 persoas en activo, un 14,8% máis que no mesmo período do ano 2018. Os ocupados no sector turístico ascenderon a 120.798 persoas, cifra superior á do ano anterior, ao incrementarse un 14,3%. A cifra de ocupados no sector turístico galego representa o 4,9% do total de ocupados no sector turístico en toda España. Os desempregados en turismo foron 19.544 persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 13,9%, cun incremento anual de 0,4 puntos respecto ó 13,5% rexistrado no primeiro trimestre de 2018. Hai que ter en conta que a taxa de paro no conxunto da economía galega acadou o 12,5% no primeiro trimestre de 2019, mentres que fora do 15,1% no primeiro trimestre do 2018.

### Enquisa de Poboación Activa (EPA) Ramas características do turismo



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


Seguindo as recomendacións internacionais considéranse nesta explotación da Enquisa de Poboación Activa as actividades características do turismo correspondentes ás seguintes ramas de actividade da CNAE 2009: 55 e 56 Hostalería, 491 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril, 493 Outro transporte terrestre de pasaxeiros, 501 Transporte marítimo de pasaxeiros, 503 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores, 511 Transporte aéreo de pasaxeiros, 522 Actividades anexas ao transporte, 791 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos, 771 Aluguer de vehículos de motor, 773 Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles, 799 Outros servizos de reservas, 900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos, 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, 931 Actividades deportivas, 932 Actividades recreativas e de mantemento. Esta aproximación constitúe unha infraestimación, ao non considerar outras actividades económicas que en parte poden contribuir á actividade turística, e ao mesmo tempo, unha sobreestimación na medida en que as ramas consideradas non desenvolven a súa actividade exclusivamente para o turismo.

## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

### Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

Os asalariados en turismo incrementáronse un 14,5% neste primeiro trimestre de 2019 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos ascenderon un 13,7%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no 14,3%. No conxunto da economía galega o número de asalariados incrementouse un 4,0% e o número de ocupados incrementouse un 2,9%. Para o conxunto dos servizos, con respecto ó primeiro trimestre de 2018, o número de ocupados incrementouse un 4,7%.

### Ocupados no sector turístico de Galicia por trimestres



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

Comparando co cuarto trimestre de 2018 o sector turístico galego reflicte un ascenso do número de ocupados do 0,5%, e tamén un incremento do 11,2% no número de parados. No conxunto da economía galega o número de ocupados reduciuse con respecto ao cuarto trimestre un -0,7%, e rexistrouse un incremento do número de parados dun 3,4%, para o mesmo período.


### RAMAS DE ACTIVIDADE

Os ocupados en actividades turísticas en Galicia no primeiro trimestre de 2019 representaban o 11,2% dos ocupados da comunidade autónoma. As actividades turísticas por número de ocupados son servizo de comidas e bebidas, que representan o 53,5% do total de ocupados en turismo, outras actividades turísticas (17,6%), transporte de viaxeiros (17,6%) e servizos de aloxamento (11,3%).

## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

### Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

#### Ocupados no sector turístico de Galicia por ramas de actividade



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

Neste trimestre, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, os ocupados na rama de servizos de aloxamento incrementáronse (51,1%), na rama de servizos de comidas e bebidas incrementáronse (6,4%), no transporte de viaxeiros incrementáronse (16,9%), e en outras actividades turísticas incrementáronse (19,8%).

#### ASALARIADOS E AUTÓNOMOS


Os asalariados en turismo foron 90.908 persoas, que representan o 75,3% do total de ocupados no sector. Na evolución por ramas de actividade, con respecto ao mesmo período do ano pasado, rexistrouse un incremento do número de asalariados na rama de servizos de aloxamento (55,5%), un mantemento na rama de servizos de comidas e bebidas (-0,2%), un incremento na rama de transporte de viaxeiros (19,4%), e un incremento en outras actividades turísticas (32,4%).

Das actividades características do turismo consideradas, para a análise dos datos da EPA referidos a Galicia foi preciso agregar os correspondentes a "axencias de viaxes" con "Outras actividades turísticas", dado que o tamaño da mostra non é suficiente para emitir xuízos sobre esa rama de actividade específica.

## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

### Ocupados no sector turístico de Galicia segundo situación profesional: Primeiro trimestre de 2019



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


A taxa de temporalidade do emprego –porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados- no sector turístico galego foi do 39,7% no primeiro trimestre de 2019, superior ao do mesmo período do ano anterior, sendo a taxa de temporalidade da rama de servizos de comidas e bebidas dun 44,7%. Os asalariados en turismo con contrato indefinido incrementáronse con respecto ao mesmo trimestre do ano pasado un 11,6% e os temporais ascenderon un 19,3%. Por ramas turísticas, o número de asalariados con contrato indefinido reduciuse no servizo de comidas e bebidas (-5,0%), incrementouse no transporte de viaxeiros (18,1%) e incrementouse noutras actividades turísticas (24,8%).

A taxa de asalarización, na economía galega (asalariados/ocupados) foi do 80,1%, mentres que a do sector turístico foi menor: 75,3%. Con respecto á totalidade do sector servizos, tamén nas ramas características do turismo rexístrase de xeito xeral unha menor taxa de asalarización. O emprego asalariado neste trimestre prevaleceu en todas as ramas de actividade turística: nos servizos de aloxamento cun 82,4%; nos servizos de comidas e bebidas cun 65,6%; no transporte de viaxeiros cun 88,0% e noutras actividades turísticas cun 87,3%.

## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

### Asalariados no sector turístico de Galicia por tipo de contrato: Primeiro trimestre de 2019



FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia


### COMPARACIÓN CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Con respecto ao mesmo período do ano anterior, neste trimestre produciuse un incremento anual do número de ocupados en turismo en Galicia (14,3%), Andalucía (8,0%), no resto de Comunidades Autónomas (5,9%), Comunidade Valenciana (4,5%), e Cataluña (3,1%), pero un descenso en Canarias (-0,8%), Illas Baleares (-5,8%), e Comunidade de Madrid (-5,8%). No conxunto do estado os datos reflicten un incremento da ocupación en turismo (2,8%).

Os ocupados en turismo representan en Galicia o 11,2% do total de ocupados na comunidade, situándose por debaixo das principais comunidades autónomas turísticas de España: Cataluña (13,0%), Comunidade Valenciana (12,9%), Andalucía (12,6%), e Comunidade de Madrid (12,2%). Nos arquipélagos, o emprego turístico segue a ser clave nas súas economías: en Canarias o 28,5% dos ocupados traballaba en turismo e en Baleares o 19,6%, moi por encima da media do Estado (12,8%) e da galega.


**MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO**  
**Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019**

**Porcentaxe de poboación ocupada no sector turístico sobre o total de ocupación de cada CCAA: Primeiro trimestre de 2019**



FONTE: INE-IGE e explotación de datos da EPA por Turespaña. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

**Evolución: Ocupados no primeiro trimestre entre os anos 2013 e 2019**



FONTE: INE-IGE e explotación de datos da EPA por Turespaña. Enquisa de Poboación activa. Elaboración propia

## MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO

### Enquisa de Poboación Activa (EPA) – Primeiro trimestre 2019

<b>Fonte</b>	INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia
<b>Colectivo</b>	Persoas de 16 ou máis anos
<b>Unidade de medida</b>	Miles de Persoas/Porcentaxes
<b>Filtro</b>	Ramas características do turismo

2019/1T	Turismo	Servizos	Galicia	Turismo / Servizos	Turismo / Galicia
<b>Activos</b>	140,3	835,3	1.234,2	16,8%	11,4%
<b>Ocupados</b>	120,8	780,0	1.080,2	15,5%	11,2%
<b>Asalariados</b>	90,9	643,9	865,1	14,1%	10,5%
<b>Indefinidos</b>	54,8	478,7	641,5	11,4%	8,5%
<b>Temporais</b>	36,1	165,2	223,6	21,9%	16,1%
<b>Autónomos</b>	29,9	136,1	215,1	22,0%	13,9%
<b>Parados</b>	19,5	55,3	153,9	35,3%	12,7%
<b>Taxa de paro</b>	13,9%	6,6%	12,5%		
<b>Taxa de asalarización</b>	75,2%	82,6%	80,1%		
<b>Taxa de temporalidade</b>	39,7%	25,7%	25,8%		

	Variación	
	Trimestral	Anual
<b>Activos</b>	1,8%	14,8%
<b>Ocupados</b>	0,5%	14,3%
<b>Asalariados</b>	0,4%	14,5%
<b>Indefinidos</b>	1,2%	11,6%
<b>Temporais</b>	-0,8%	19,3%
<b>Autónomos</b>	0,6%	13,7%
<b>Parados</b>	11,2%	18,0%
<b>Taxa de paro</b>	1,2	0,4
<b>Taxa de asalarización</b>	0,0	0,1
<b>Taxa de temporalidade</b>	-0,5	1,6

RAMAS	Ocupados	Var. Anual
Servizos de aloxamento	13,7	51,1%
Servizo de comidas e bebidas	64,7	6,4%
Transporte de viaxeiros	21,2	16,9%
Outras actividades turísticas	21,3	19,8%

OCUPADOS	Turismo	Total	Turismo/Total	Var. Anual
España	2.488,5	19.471,1	12,8%	2,8%
Andalucía	392,3	3.106,2	12,6%	8,0%
Balears (Illes)	101,1	516,1	19,6%	-5,8%
Canarias	254,8	892,5	28,5%	-0,8%
Cataluña	439,3	3.391,0	13,0%	3,1%
C. Valenciana	265,3	2.053,4	12,9%	4,5%
Madrid (C. de)	369,8	3.032,0	12,2%	-5,8%
Galicia	120,8	1.080,2	11,2%	14,3%
Resto	545,2	5.399,8	10,1%	5,9%